

NOTA INFORMATIVA SOBRE DEVOLUCIÓN DA COTA MUFACE/ DEREITOS PASIVOS CORRESPONDENTE Á PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO 2012

O Real Decreto - Lei, de 22 de febreiro (BOE 23 de febreiro 2013) na súa Disposición adicional única “ Cotas de dereitos pasivos e das mutualidades de funcionarios no mes de decembro 2012” estableceu o seguinte:

“Excepcionalmente, no mes de abril de 2013, a contía mensual da cota de dereitos pasivos e da cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado..., será obxecto de minoración nunha contía equivalente ao importe que aboase o obrigado polos devanditos conceptos no mes de decembro de 2012 correspondente á paga extraordinaria. No recibo de nómina correspondente ao devandito mes consignarase de forma expresa e separada a cantidade minorada”.

En aplicación desta medida, na nómina do mes de **abril 2013** procederase a devolución da contía que, en concepto de cota MUFACE e cota Dereitos Pasivos, se lle descontou no mes de decembro 2012 e que correspondía á paga extraordinaria.

Para máis aclaración pregamos dirixase ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais no teléfono 986 81 35 78 ou por medio do correo electrónico consultanomina@uvigo.es